

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión extraordinaria e urxente do 23 de decembro de 2014

ASISTENTES:

Membros :

D^a M^a Carmen Silva Rego
D. Carlos López Font
D^a M^a Jesús Lago Rey
D^a. Olga Alonso Suárez
D. Cayetano Rodríguez Escudero
D^a. M^a Isaura Abelairas Rodríguez
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz

NON ASISTEN:

D. Abel Caballero Álvarez
D. José Manuel Fernández Pérez
D. Angel Rivas González

Invitados:

D. David Regades Fernández

Na Casa do Concello de Vigo, ás catorce horas do día vinte e tres de decembro de dous mil catorce e baixo a presidencia da primeira tenente de alcalde, Sra. M^a Carmen Silva Rego, por ausencia do Excmo. Sr. alcalde, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Lago Rey, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, e o interventor xeral, Sr. García Alvarez.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(1595).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.

A Xunta de Goberno ratifica a urxencia de sesión.

2(1596).- PROPOSTA DE REVISION DAS TARIFAS DE AUTO-TAXI DA CIDADE DE VIGO PARA O ANO 2015. EXPTE. 466/449

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do 19/12/14, da xefa do servizo de Transportes conformado polo concelleiro-delegado de área, que di o seguinte:

“1)TARIFAS VIXENTES

As tarifas de taxi da cidade de Vigo, aprobadas por Resolución da Directora Xeral de Comercio da Xunta de Galicia de data 30 de xaneiro de 2014 , son as seguintes:

TARIFA 1 (días laborables de 6,00 a 22.00 horas)

Tarifa mínima (1700 m e/ou 298,59 segundos.)	3,45
Qm percorrido	0,93
Hora de espera	19,06
Suplemento aeroporto	4,23
Suplemento Cotogrande	2,95
Maletas e vultos análogos	0,53

TARIFA 2 domingos e festivos, 24 e 31 de decembro, sábados dende as 06.00 horas e servizo nocturno de 22,00 ás 6,00 horas)

Tarifa mínima (1100 m e/ou 196,759 segundos)	3,6
Qm percorrido	1,03
Hora de espera	20,73
Suplemento aeroporto	4,23
Suplemento Cotogrande	2,95
Maletas e vultos análogos	0,53

Suplemento 25 de decembro e 1 de xaneiro(dende as 00.00 ata as 10.00): 2.11 €.

II) PROPOSTAS CONTIDAS NA SOLICITUDES PRESENTADAS

En data 18 de outubro de 2014 D. José Manuel Costas Alonso, presidente da Asociación Profesional Provincial de Autotaxis de Pontevedra, presenta solicitude de revisión de tarifas para o ano 2015 na que manifestan que propoñer conxelar a Tarifa 2 e incrementar a Tarifa 1 nos conceptos de tarifa mínima e hora de espera, o que serían as seguintes tarifas :

TARIFA 1: (días laborables de 6.00 h a 22.00 h)

Tarifa mínima	3,60 €
Qm. percorrido.....	0,93 €
Hora de espera.....	20,73 €
Suplemento aeroporto.....	4,25 €
Suplemento Cotogrande.....	2,95 €
Maleta.....	0,55 €

TARIFA 2: (Domingos e festivos; 24 e 31 de decembro; sábados dende as 15.00 h e servizos nocturnos de 22.00 h a 6.00 h)

Tarifa mínima	3,60 €
Qm. percorrido	1,03 €
Hora de espera	20,73 €
Suplemento aeroporto.....	4,25 €
Suplemento Cotogrande.....	2,95 €
Maleta.....	0,55 €

25 de decembro e 1 de xaneiro dende as 00.00 até as 10.00 suplemento sobre o que marque o taxímetro2,15 €.

Do exame das tarifas propostas compróbase que tamén propoñen a revisión dos suplementos correspondentes ó aeroporto e a maleta que incrementan en 2 céntimos; e do suplemento do 25 de decembro e 1 de xaneiro en 4 céntimos.

A solicitude formulada supón un incremento en torno a un 4,35 % na tarifa mínima, un 8,76 % na hora de espera, no suplemento aeroporto un 0,47 %, un 1,89 no suplemento de Nadal e Aninovo e un 3,77% na maleta.

En data 31 de outubro de 2013, D. Manuel Choren Souto, como Presidente da Sociedade Cooperativa Galega de Auto-taxi e Gran turismo de Vigo e provincia de Pontevedra e da Asociación Provincial de Autopatronos do Taxi de Pontevedra, presenta solicitude de revisión de tarifas para o ano 2015 con dous contidos distintos :

PRIMEIRA PROPOSTA :

TARIFA 1: (Días laborables de 6.00 h a 22.00 h)

Tarifa mínima	3,55 €
Qm. percorrido.....	0,97 €
Hora de espera.....	19,63 €
Suplemento aeroporto.....	4,37 €
Suplemento Cotogrande.....	3.04 €
Maleta.....	0,54 €

TARIFA 2:(Domingos e festivos; 24 e 31 de decembro; sábados, e servizos nocturnos de 22.00 h a 6.00 h)

Tarifa mínima.....	3, 71 €
Qm. percorrido.....	1,07 €
Hora de espera.....	21,36 €
Suplemento aeroporto.....	4,37 €
Suplemento Cotogrande.....	3.04€
Maleta.....	0,54 €

25 de decembro e 1 de xaneiro dende as 00.00 até as 10.00 suplemento sobre o que marque o taxímetro2,18 €.

A solicitude formulada supón un incremento en torno a un 3% das tarifas.

Na mesma data presentan outra solicitude na que propoñen que a revisión non inclúa modificación das contías das tarifas, senón redución dos metros de cada unha das tarifas fixando os correspondentes á tarifa 1 en 1.600 m., e os correspondentes á tarifa 2 en 1.000 m.

III) INFORME

Examinado o contido das distintas propostas informase o seguinte :

--As solicitudes formuladas non son homoxéneas, xa que cada unha delas propón modificar conceptos distintos.

--Non presentan estudos estatísticos sobre a incidencia das variantes propostas nos traxectos ou servizos que se efectúan .

--O IPC que propón aplicar a Sociedade Cooperativa Galega de Auto-taxi e Gran turismo de Vigo e provincia de Pontevedra e da Asociación Provincial de Autopatronos do Taxi de Pontevedra na primeira das súas propostas dun 3% non pode ser aceptada posto que e a interanual de

setembro a setembro cando no acordo da Xunta Local de prezos de 22 de decembro de 2005 acordouse que se aplicase no período de outubro a outubro .

--A revisión que podería informarse favorablemente, de conformidade co criterio seguido nos últimos anos (excepto no pasado ano no que se aprobou unha redución dos metros na tarifa mínima) e a aplicación do IPC dos servizos de transporte da Comunidade Autónoma Galega interanual de outubro a outubro e que e un 1,5 % co que as tarifas serían as seguintes :

TARIFA 1(días laborables de 6,00 a 22.00 horas)

Tarifa mínima (1700 m e/ou 298,59 segundos.)	3,50
Qm percorrido	0,94
Hora de espera	19,34
Suplemento aeroporto	4,29
Suplemento Cotogrande	2,99
Maletas e vultos análogos	0,54

TARIFA 2 domingos e festivos, 24 e 31 de decembro, sábados dende as 06.00 horas e servizo nocturno de 22,00 ás 6,00 horas)

Tarifa mínima (1100 m e/ou 196,759 segundos)	3,65
Qm percorrido	1,04
Hora de espera	21,04
Suplemento aeroporto	4,29
Suplemento Cotogrande	2,99
Maletas y vultos análogos	0,54

Suplemento 25 de decembro e 1 de xaneiro(dende as 00.00 ata as 10.00): 2.14 €.

IV) TRAMITE DE AUDIENCIA

Concedido o preceptivo trámite de audiencia ás asociacións profesionais de empresarios e traballadores do sector e ás dos consumidores e usuarios, durante o prazo concedido ao efecto, fórmulanse as seguintes alegacións :

Na data 5 de decembro de 2014 foi presentada alegación pola ASOCIACIÓN PROVINCIAL DE AUTOTAXIS DE PONTEVEDRA co seguinte contido :

-que ratifican a súa proposta de data 18 de outubro de 2014 coa salvidade de que a aplicación da tarifa 2 os sábados será dende as 00.00 horas e non desde as 15,00 horas ; a súa proposta supón unha mellora xa que se conxela a tarifa 2 e se realiza un pequeno axuste na tarifa 1 .

Como xa figura no informe emitido propoñer conxelar a Tarifa 2 e incrementar a Tarifa 1 nos conceptos de tarifa mínima e hora de espera.

Do exame das tarifas propostas compróbase que tamén propoñen a revisión dos suplementos correspondentes ó aeroporto e a maleta que incrementan en 2 céntimos; e do suplemento do 25 de decembro e 1 de xaneiro en 4 céntimos.

A solicitude formulada supón un incremento en torno a un 4,35 na tarifa mínima, un 8,76 % na hora de espera, no suplemento aeroporto un 0,47 %, un 1,89 no suplemento de Nadal e

Aninovo e un 3,77% na maleta, polo que non poden ser aceptadas xa que non cumpre co ningún dos criterios adoptados nos acordos da Xunta de Goberno ni cos adoptados nos Consellos sectoriais de transportes , nin segué ningún criterio homoxéneo .

V) SOLICITUDE INFORME CONSELLO DE TRANSPORTES

Na data 9 de decembro de 2014 foi remitida copia do expediente a Dirección Xeral de Mobilidade , Consello Galego de Transportes, en cumprimento do disposto no parágrafo segundo do apartado 4 do artigo 40 da Lei 4/2013 de 30 de maio de transporte publico de persoas en vehículos de turismo de Galicia .

Na data 19 de decembro de 2014 foi remitida certificación das consideracións emitidas pola Comisión Especial de Transporte Publico en Vehículos de turismo do Consello Galego de Transportes celebrada en data 18 de decembro de 2014 e que son as seguintes:

ASPECTOS DE LEGALIDADE : A tarifa prevé un suplemento ao aeroporto que e correcto xa que , de conformidade co disposto na Resolución da Dirección Xeral de Mobilidade , pola que se aproba o incremento da tarifa unificada nos servizos de autotaxi do aeroporto de Peinador sito nos concellos de Vigo, Mos e Redondela , en desenvolvemento de Resolución pola que se creou un réxime específico no aeroporto de Peinador , este so poderá afectar aos servizos coa orixe en Vigo e destino no aeroporto (non ao revés)

Non exceptúa as cadeiras de rodas do cobro por vulto .

ASPECTOS DE OPORTUNIDADE : derivados da actual tramitación pola Dirección Xeral de Mobilidade do proxecto de Orde da Consellería de Medio Ambiente , Territorio e Infraestruturas , pola que se harmoniza o réxime tarifario dos servizos urbanos e interurbanos de transporte publico discrecional de viaxeiros en vehículos de turismo que no caso de entrar en vigor , provocaría as seguintes contradicións nas tarifas propostas e a necesidade da súa adaptación :

-Polo que respecta a tarifa nocturna , dos sábados e de domingos e festivos 8 tarifa 2) faise constar que o proxecto de orde prevé o seu establecemento como un complemento que reflecta unha porcentaxe de incremento sobre a tarifa ordinaria en días laborables .

-En relación co suplemento por maleteiro , faise constar que o proxecto de orde prevé que o usuario terá dereito ao transporte gratuíto dun vulto por persoa .

-En relación co suplemento de Nadal e Ano novo faise constar que o proxecto de orde non se establece a posibilidade de introducir un suplemento a maiores para os días sinalados .

-En relación co suplemento de Cotogrande faise constar que o proxecto de orde prevé a posibilidade de establecer tarifas fixas para determinados tráfico da súa respectiva competencia , nas que se establecerá un importe pechado entre un orixe e un destino ou unha pluralidade de destinos .Esta tarifa subsumira todos os conceptos integrantes da tarifa ordinaria e unicamente admitira a adición de suplementos sobre a dita tarifa , sen que se poida aplicar ningún tipo de complemento.

-Dada a obrigatoriedade de que os vehículos estean equipados cos correspondentes aparellos taxímetro , faise constar que o proxecto de orde prevé , na determinación da tarifa ordinaria , a inclusión dos seguintes conceptos : valor do paso, tempo de espera e velocidade de cambio de arrastre para unha maior transparencia cara aos consumidores na súa publicidade .

CONCLUSION : Logo da súa valoración, a comisión especial de transporte publico en vehículos de turismo acordou por unanimidade informar favorablemente as tarifas coas advertencias recollidas anteriormente .

INFORME TÉCNICO

De conformidade cos acordos adoptados na Xunta Local de prezos e mercados de datas 20 de decembro de 2004 e 22 de decembro de 2005, nas revisións das tarifas de taxis nos últimos

anos foron equiparandose as tarifas da cidade de Vigo as da media das restantes cidades galegas , utizandose asimesmo nas ultimas revisións a variación do IPC interanual do servizo de transportes da Comunidade Autónoma Galega de outubro a outubro .

Solicitado informe a ITV sobre o viabilidade de programación do taxímetro coas modificacións propostas, informan que o tempo correspondente a tarifa 1 seria 297,45 segundos e o tempo correspondente a tarifa 2 seria 195,741 segundos , para que o taxímetro poida ser programado de conformidade co disposto na vixente normativa.

En relación co contido do informe da Comisión Especial de Transporte Publico en Vehículos de turismo do Consello Galego de Transportes en relación cos aspectos de legalidade propónse a inclusión no concepto de maleta o vulto análogo do seguinte texto: “ exceptúanse as cadeiras de rodas “. Con relación aos aspectos de oportunidade e comoqueira que aínda non foi aprobada a Orde da Consellería de Medio Ambiente , Territorio e Infraestruturas , pola que se harmoniza o réxime tarifario dos servizos urbanos e interurbanos de transporte publico discrecional de viaxeiros en vehículos de turismo, considerase que a adaptación das tarifas ao disposto na mesma debера facerse no momento da súa aprobación e tendo en conta as disposicións contidas nela .

Asimesmo propónse a corrección dos tempos na proposta, de conformidade co informe emitido pola dirección da ITV , para cumprir coa relación entre distancia por paso e distancia mínima e co tempo.

En consecuencia e vistos os artigos 22 e 23 do vixente Regulamento nacional de servizos urbanos de transportes en automóviles lixeiros, Decreto 2226/77 de 27 de agosto, Orde de 26 de febreiro de 1993, Real Decreto 1634 de 1980, así como o Decreto da Xunta de Galicia 106/84 de 24 de maio, e o disposto na lei 4/2013 de persoas en vehiculos de turismo de Galicia , sométese á consideración do Consello Sectorial de transportes, para a súa posterior remisión á Xunta de Goberno Local a seguinte:

PROPOSTA

- 1.- Desestimar a alegación formulada pola Asociación profesional provincial de autotaxis de Pontevedra polos motivos expostos na parte expositiva
- 2.- E aprobar a solicitude de revisión das tarifas dos autotaxis da cidade de Vigo para o ano 2015 de conformidade co informe que antecede e que serían as seguintes :

TARIFA 1(días laborables de 6,00 a 22.00 horas)

Tarifa mínima (1700 m e/ou 297,45 segundos.)	3,50
Qm percorrido	0,94
Hora de espera	19,34
Suplemento aeroporto	4,29
Suplemento Cotogrande	2,99
Maletas e vultos análogos(exceptuanse as cadeiras de rodas)	0,54

TARIFA 2 domingos e festivos, 24 e 31 de decembro, sábados dende as 06.00 horas e servizo nocturno de 22,00 ás 6,00 horas)

Tarifa mínima (1100 m e/ou 195,741 segundos)	3,65
Km percorrido	1,04
Hora de espera	21,04
Suplemento aeroporto	4,29
Suplemento Cotogrande	2,99
Maletas y vultos análogos (exceptuase as cadeiras de rodas)	0,54

Suplemento 25 de decembro e 1 de xaneiro(dende as 00.00 ata as 10.00): 2.14 €.

3.- Remitir o expediente á Dirección Xeral de Industria e Comercio da Xunta de Galicia para dar cumprimento ao disposto na vixente lexislación en materia de prezos autorizados.”

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

3(1597).- PROPOSTA DE CLASIFICACIÓN NO PROCEDIMENTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DAS OBRAS “REHABILITACIÓN DA CASA DO PATÍN” COMO EQUIPAMENTO SOCIAL E CULTURAL. EXPTE. 7457/307.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do 23/12/14, da secretaria da Mesa de Contratación, que di o seguinte:

“ a) Procedemento aberto para a contratación das obras de rehabilitación da Casa do Patin como equipamento social e cultural (expediente 7457-307)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación celebradas os días 18-12-2014, 19-12-2014 e 23-12-2014 e dos informes da xefa do servizo de Patrimonio Histórico, de datas 18 e 23 de decembro de 2014, e dos arquitectos municipais de 22 de decembro 2014, por unanimidade dos asistentes, se propón á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2º TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Propoñer a exclusión do procedemento aberto para a contratación das obras de rehabilitación da Casa do Patin como equipamento social e cultural, de PROYECON GALICIA, S.A., e CIVISGLOBAL, S.L., por conter as súas ofertas valores anormais ou desproporcionados.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas no “procedemento aberto para a contratación das obras de rehabilitación da Casa do Patin como equipamento social e cultural” (expediente 7457-307), no seguinte orde decrecente:

1	XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS S.L.	100,00
2	PRACE, SERVICIOS Y OBRAS S.A.	92,11
3	UNIKA PROYECTOS Y OBRAS S.A.U	87,95
4	CONSTRUCCIONES DELFÍN FERREIRO RODRÍGUEZ S.L.	87,32

5	CONSTRUCCIONES RAMÍREZ S.L.U.	87,01
6	CONSTRUCTORA SAN JOSÉ A.A.	84,92
7	CONSTRUCCIONES ALEA S.L.	83,53
8	CONSTRUCCIONES ABAL S.A.	81,11
9	CONSTRUCCIONES OREGA S.L.	79,34
10	ANLLAR CONSTRUCCIONES S.L.	78,98
11	EMERGIS CONSTRUCCIÓN S.L.	74,71
12	STRADIA INFRAESTRUCTURAS S.L.	70,50
13	ACEVI S.L. ACTIVIDADES DE CONSTRUCCIÓN EDIFICACIÓN Y VIALES S.L. Y OTRO	54,24
14	ORECO S.A.	52,40
15	CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO S.L.U.	45,37

Terceiro.- *Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):*

- *Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- *Certificacións de acharse ao corrente das súas obrigacións tributarias co Estado, Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.*
- *A documentación esixida na cláusula 8 do prego de cláusulas administrativas particulares.*
- *Póliza do seguro de responsabilidade civil por un importe mínimo de 600.000 euros.*
- *Resguardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.*
- *Declaración responsable designando o seu delegado coas funcións descritas na cláusula 27.11 do PCAP.*
- *Compromiso de adscrición á execución do contrato dos medios persoais e materiais esixidos no apartado 6 E das FEC.*

Cuarto.- *Requirir ao citado licitador o aboamento de 668,04 euros en concepto de custe dos anuncios de licitación”.*

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

4(1598).- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN NO PROCEDIMENTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE ACTUALIZACIÓN DO APLICATIVO DE XESTIÓN TRIBUTARIA DE VEHÍCULOS. EXPTE. 7159/113.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 23.12.14, dáse conta do informe-proposta da mesma data, asinado pola Mesa de Contratación, que di o seguinte:

A mesa de contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 22 de decembro de 2014 as 13.15 horas, realizou entre outras, as seguintes actuacións:

4.- Propostas de adxudicación.

- a) *Procedemento aberto para a contratación do servizo de actualización do aplicativo de xestión tributaria de vehículos (expediente 7159-113)*

LEXISLACIÓN APLICABLE

- *Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP).*
- *Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público (RLCSP).*
- *Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que no se opoña ó Real Decreto Legislativo 3/2011.*
- *Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación por procedemento aberto do servizo de actualización do aplicativo de xestión tributaria de vehículos (PCAP).*

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno Local, na sesión do día 18 de decembro de 2014, adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas no “procedemento aberto para a contratación do servizo de actualización do aplicativo de xestión tributaria de vehículos. Exped 7159-113), no seguinte orde decrecente:

- 1.- Aula Informática de Galicia, S.L.: 65 puntos*

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar Aula Informática de Galicia, S.L. ., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

- *Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- *Certificacións de acharse ao corrente das súas obrigacións tributarias co Estado, Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.*
- *A documentación esixida na cláusula 8 do prego de cláusulas administrativas particulares.*
- *Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.*
- *Compromiso de adscrición á execución do contrato dos medios persoais e materiais esixidos no apartado 6 E das FEC.*

Terceiro.- Requirir ao citado licitador o aboamento de 612,42 euros en concepto de custe dos anuncios de licitación”

Segundo.- Este acordo foi notificado ó licitador clasificado en primeiro lugar o día 19 de decembro de 2014, que presenta a documentación requirida en data 22 de decembro de 2014, dentro do prazo sinalado.

Terceiro.- Revisada a documentación presentada na sesión da Mesa de contratación de data 22 de decembro de 2014, e dado que esta é correcta, a Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda propoñer ó órgano de contratación a adxudicación do presente procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ó órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase ós licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar como a solicitada de oficio pola administración municipal, e comprobado que esta é correcta, procede adxudicar o presente contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de contratación. A proposta se realizará a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

A oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por AULA INFORMÁTICA DE GALICIA, S.L., á vista dos informes do xefe de servizo de Administración Electrónica de datas 15-12-2014 e 17-12-2014. Estes informes poderán consultarse no perfil do contratante do Concello de Vigo.

Terceiro.- A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En mérito ó que antecede, se propón á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar á AULA INFORMÁTICA DE GALICIA, S.L., o procedemento aberto para a contratación do servizo de actualización do aplicativo de xestión tributaria de vehículos (expediente 7159-113) por un prezo de 47.950 euros (IVE engadido) e coas seguintes prestacións adicionais:

- Incrementa o prazo de garantía en 1 ano.*
- Reduce o prazo de entrega da aplicación en 3 meses.*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

5(1599).- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN DE ABONAMENTOS A CONTA POR MATERIAIS ACOPIADOS PARA A EXECUCIÓN DAS OBRAS DE MELLORA NO ÁMBITO DA PRAZA PRINCESA E PRAZA DE ARGÜELLES. EXTE. 7279/307.

Visto o informe de fiscalización de data 23.12.14, dáse conta do informe-proposta da xefa de Patrimonio Histórico, do 19.12.14, conformado pola xefa de Área da 1ª Tenencia de Alcaldía e a concelleira de Urbanismo, Cascos Históricos, Grandes Proxectos, Patrimonio e Economía e Facenda, que di o seguinte:

1.- Antecedentes:

A Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria de 6 de xuño de 2014, aprobou o proxecto de mellora e reposición de espazos públicos no casco vello, no ámbito da Praza da Princesa e Praza de Argüelles, incluíndo os espazos soterrados entre a rúa Abeleira Menéndez e a Praza de Argüelles, redactado polos técnicos municipais: Juan Aguirre Rodríguez, Juan García Hansen, David Carvajal Rodríguez-Cadarso e Juan Luis Piñeiro Ferradás.

A Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente do 14 de agosto de 2014, entre outros asuntos acordou a aprobación do expediente de contratación para a execución das "Obras de mellora e reposición de espazos públicos no Casco Vello, no ámbito da Praza da Princesa e Praza de Argüelles, incluíndo os espazos soterrados entre a rúa Abeleira Menéndez e a Praza de Argüelles"

A Xunta de Goberno Local, en sesión extraordinaria e urxente de 13 de novembro de 2014, acordou "adxudicar a UNIKA PROYECTOS Y OBRAS S.A.U., o procedemento aberto para a contratación das obras de mellora e reposición de espazos públicos no Casco Vello, no ámbito da praza da Princesa e Praza de Argüelles engadindo os espazos soterrados entre a rúa Abeleira Menéndez e Praza de Argüelles 2. (expediente 7279-307) por un prezo total de 262.435,21 euros (IVE incluído)".

Con data 17 de novembro o Concello de Vigo, asina o contrato coa mercantil UNIKA PROYECTOS Y OBRAS S.A.U., para a execución das OBRAS DE MELLORA E REPOSICIÓN DE ESPAZOS PÚBLICOS NO CASCO VELLO, NO ÁMBITO DA PRAZA DA PRINCESA E PRAZA DE ARGÜELLES (EXP. 7279-307), por un prezo total de 262.435,21 euros (IVE incluído).

Con data 26/11/2014 se asina a acta de comprobación do replanteo, co cal se da inicio a execución da obra.

Con data 21/11/2014, a Xunta de Goberno Local acorda nomear como Directores Facultativos das obras aos técnicos municipais: Juan Aguirre Rodríguez, Juan García Hansen, David Carvajal Rodríguez-Cadarso e Juan Luis Piñeiro Ferradás.

Con data 19/12/2014 a mercantil UNIKA PROYECTOS Y OBRAS S.A.U., solicita autorización para a tramitación da correspondente certificación de abonos a conta por materiais acopiados polo importe de 17.519,75 euros, ive incluído. A solicitude contén a seguinte documentación:

- Certificación acreditativa das partidas correspondentes os materiais acopiados, indicando en cada caso que a súa valoración correspondese cos límites máximos establecidos no apartado 3, do artigo 155 do RD 1098/2001, de 12 de outubro, polo que*

se aproba o Regulamento Xeral da Ley de Contratos das Administracións Públicas. Dita certificación contén a conformidade da Dirección facultativa.

- Documentación xustificativa da propiedade e posesión dos materiais acopiados.
- Documentación acreditativa da xustificación de ter recibidos os materiais como útiles en lugares autorizados para elo, acreditando por parte da empresa a garantía de vixianza e conservación adecuada dos materiais. Dita documentación conta co conforme da dirección facultativa da obra.
- Informe da dirección facultativa da obra no cal se define un plan de devolución das cantidades anticipadas para deducilo do importe total das unidades de obra en que queden incluídos tales materiais.
- Compromiso de presentación dun aval polo total do importe dos abonos a conta polos materiais acopiados que sexa autorizado. Dito aval será presentado pola empresa solicitante, coa propia certificación que recolla a tramitación do abono a conta polos materiais acopiados.

2.- Fundamentos xurídicos:

O artigo 232 do TRLCSP, no punto 2, indica que o contratista terá dereito a percibir abonos a conta sobre o seu importe polas operacións preparatorias realizadas como instalacións e provisión de materiais ou equipos de maquinaria pesada adscritos á obra, nas condicións que se sinalen nos respectivos pregos de cláusulas administrativas particulares e conforme ao réxime e os límites que con carácter xeral determínense reglamentariamente, debendo asegurar os referidos pagos mediante a prestación de garantía.

O artigo 155 Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, establece no punto 1) que "O contratista terá dereito a percibir abonos a conta até o 75 por 100 do valor dos materiais acopiados necesarios para a obra previa autorización do órgano de contratación que terá por único obxecto controlar que se trata dos devanditos materiais e que se cumpren os seguintes requisitos:

- a) Que exista petición expresa do contratista, acompañando documentación xustificativa da propiedade ou posesión dos materiais.
- b) Que fosen recibidos como útiles e almacenados na obra ou lugares autorizados para iso.
- c) Que non exista perigo de que os materiais recibidos sufran deterioración ou desaparezan.
- d) Que o contratista preste a súa conformidade ao plan de devolución a que se refire o apartado 4 deste artigo.

En relación as garantías por abonos a conta por materiais acopiados e por instalacións e equipos, o artigo 157 do RXLCAP, obriga a constituírse as garantías correspondentes para asegurar o importe total dos pagos a conta polas operacións preparatorias realizadas como instalacións e provisión de materiais ou equipos de maquinaria pesada adscritos á obra.

Así mesmo de acordo co estipulado no apartado 2, do artigo 157 do RXLCAP, o contratista terá dereito á cancelación total ou parcial destas garantías a medida que vaian tendo lugar as deducións para o reintegro dos abonos a conta percibidos.

En base ao exposto, procede a tramitación da solicitude para autorización de certificación de abonos a conta por materiais acopiados, realizada pola empresa adxudicataria da obra referida neste expediente, no cal consta toda a documentación xustificativa que require o artigo 155 do RXLCAP. Polo cal previo informe de fiscalización da Intervención Xeral do Concello de Vigo, dita autorización deberán ser aprobada pola Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación.

3.- Proposta:

En relación ao contido do presente expediente e de acordo a documentación presentada pola mercantil UNIKA PROYECTOS Y OBRAS S.A.U como adxudicataria da execución das OBRAS DE MELLORA E REPOSICIÓN DE ESPAZOS PÚBLICOS NO CASCO VELLO, NO ÁMBITO DA PRAZA DA PRINCESA E PRAZA DE ARGÜELLES, para a autorización de certificación de abonos a conta por materiais acopiados, PROPONSE A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, na súa calidade de órgano de contratación a aprobación das seguintes propostas:

Primeiro: Autorizar a mercantil UNIKA PROYECTOS Y OBRAS S.A.U., como adxudicataria das OBRAS DE MELLORA E REPOSICIÓN DE ESPAZOS PÚBLICOS NO CASCO VELLO, NO ÁMBITO DA PRAZA DA PRINCESA E PRAZA DE ARGÜELLES (EXP. 7279-307), dacordo coa súa solicitude a certificación de abonos a conta polos materiais acopiados en relación a citada obra, polo importe de 17.519,75 euros, ive incluído, dacordo coa documentación acreditativa das partidas correspondentes os materiais acopiados, indicando en cada caso que a súa valoración correspondese cos límites máximos establecidos no apartado 3, do artigo 155 do RD 1098/200, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas.

Segundo: Para a presentación da certificación e factura polo abono a conta polos materiais acopiados autorizados, a mercantil UNIKA PROYECTOS Y OBRAS S.A.U., deberá presentar unha garantía polo importe total da certificación autorizada de abono a conto polos materiais acopiados, para o cal atenderá o disposto con carácter xeral nos puntos 2) e 3) da clausula 22 do PCAP deste contrato. Dita garantía poderá estar conformada de acordo a proposta de devolución.

Terceiro: Do presente acordo darase traslado a mercantil UNIKA PROYECTOS Y OBRAS S.A.U..

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

6(1600).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA A FAVOR DE ESTUDOS E ANÁLISE FESAN POLOS SERVIZOS PRESTADOS NOS MESES DE NOVEMBRO E DECEMBRO 2014. EXPTE. 4346/336.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 16.12.14, o informe de fiscalización do 19.12.14, dáse conta do informe proposta da xefa do Servizo de Xuventude, do 11.12.14, conformado pola concelleira de dito Servizo e a concelleira delegada de Facenda, que di o seguinte:

A Concellería de Xuventude iniciou no ano 1990 a actividade de Ludotecas, ubicadas na Casa da Xuventude e no Pavillón de Coia. Estes espazos estaban nese momento concebido como lugares onde se puñan a disposición dos nenos e nenas de idades comprendidas entre os 7 e 12 anos unha serie de xogos e xoguetes, sendo o xogo a actividade principal e através del o desenvolvemento dunha serie de aptitudes (cognitivas, sensoriales, de pensamento lóxico, etc). Neste momento en Galicia non existían equipamentos destas características, sendo as referencias no territorio nacional as cidades de Barcelona e Madrid.

Na actualidade nestes espazos desenvólvense unha serie de actividades relacionadas co tempo libre como poden ser: obradoiros de todo tipo (pintura, manualidades, cociña, reciclado), excursións,

sións, saídas á natureza, participación en concursos (comparsas, Nadal, festa da Reconquista) actividades de repaso escolar, etc, deixando a un lado os xogos e xoguetes.

Así estes espazos cumpren a clara función de conciliación da vida familiar e laboral, tratando de ocupar o ocio e tempo libre dos nenos e nenas dunha maneira sana, afantándoos do mundo das consolas e a televisión, á vez que se facilita aos pais e nais que traballan un lugar onde os seús fillos e fillas, son atendidos por persoal cualificado (monitores de ocio e tempo libre) de xeito que poidan acudir e permanecer neles de luns a venres en horario de 16:30 a 20:30 h e de 8:00 a 16:00 h en vacacións escolares.

A Fundación de Estudos e Análise Fesan con CIF G15597669, obtivo a adxudicación do contrato de xestión con efectos do 15 de maio de 2008, finalizando a xestión do servizo o día 16 de maio de 2012.

O día 10 de maio do ano 2012 a Concelleira Delegada, resolve autorizar a tramitación dun expediente de contrato menor para a continuidade na prestación do servizo dende o 16 de maio ata o 31 de xullo.

Con data 24 de xullo dese mesmo ano a Concellería Delegada, resolve autorizar a continuidade na prestación do servizo de Ludotecas a nome de Fundación de Estudos e Análise Fesan con CIF G15597669, ata a resolución do novo contrato de adxudicación.

O 25 de xaneiro de 2013 recíbese escrito da Xunta de Galicia onde nos informan de que teñen constancia da existencia de dúas Ludotecas e que é necesario dispor de autorizacións de creación e de inicio de actividade. Mentras o expediente de contratación de Ludotecas segue o seu curso, establecemos contacto coa unidade de Inspección de Servizos Sociais da Xunta de Galicia para normalizar a prestación dunha actividade nacida con anterioridade ao regulamento de 2003.

Dado que as actividades que se desenvolven nestes espazos cambiaron sustancialmente, posto que a súa relación directa co xogo e xoguete xa non se da, e tendo en conta que no escrito remitido pola Xunta de Galicia indican que "si os centros que teñen en funcionamento non se axustan á definición legal de Ludotecas que establece o decreto DOG nº 187 do 26 de decembro, procede modificar a denominación de ditos centros", esta Concellería de Xuventude propón o cambio de denominación de ludotecas por Espazos de Ocio e Tempo Libre, para o cal deixará sen efecto o expediente de contratación 3731/336 de contrato maior para a xestión das Ludotecas da Casa da Xuventude e Coia aprobado pola Xunta de Goberno Local na sesión de data 15 de marzo 2013 e continuará coa tramitación xa iniciada, do expediente de xestión dun programa de dinamización xuvenil (expediente 4156/336) a desenvolver nos espazos adicados ao Ocio e Tempo Libre da Casa da Xuventude e do Pavillón de Deportes de Coia.

Ante a necesidade de dispoñer dun certificado de seguridade e salubridade das instalacións requerido pola Xunta de Galicia, solicitouse o mesmo á Xerencia de Urbanismo, así como ao Servizo de Extinción de Incendios e Salvamento. Unha vez obtidos ditos certificados remitíronse á Xunta de Galicia.

Por todos estes motivos e seguindo as recomendacións de Asesoría Xurídica, a licitación do novo contrato non foi publicada (3731/336), estando pendente ata ter o VºBº da Xunta de Galicia ás instalacións unha vez reformadas.

Ante a imposibilidade de reformar as instalacións conforme as exixencias da Xunta de Galicia, e dada a posibilidade que esta ofrecía de proceder a un cambio de denominación de actividade, posto que sen ben nun principio era o xogo e o xoguete e todas as actividades relacionadas con

estes o que maior peso tiña nestos servizos, a día de hoxe constituen uns centros de tempo libre cuxo obxectivo principal é a conciliación da vida familiar e laboral, procédese a cambiar a denominación dos centros.

Así a XLG en sesión do 04/04/2014 acorda solicitar á Xunta de Galicia o arquivo dos expedientes iniciados por desenvolver actividades distintas e proceder ao cambio de denominación de Ludotecas por Espazos de Tempo Libre.

Con data 4/12/2014, rematou o prazo de presentación de ofertas para a xestión dun programa de Dinamización Infantil exp:4156/336, que substituirá ás denominadas Ludotecas e en situación de proceder á apertura de ofertas para a posterior adjudicación.

Por todo elo Fundación de Estudos e Análise Fesan con CIF G15597669 continua prestando o servizo e presenta con data 30 de novembro de 2014 a factura nº B/0026/14 por importe total de 13.718,29 €, e con data 9 de decembro de 2014 a factura nº B 0028/14 por importe total de 13.718,29 € en concepto de prestación do servizo de atención a nenos e nenas nos Espazos de Tempo Libre da Casa da Xuventude e Pavillón de Coia durante o meses de novembro e decembro de 2014.

Polo exposto, solicítase a convalidación das actuacións de gasto realizadas sen fiscalización previa que figuran nas facturas núm. B/0026/14 e B/0028/14 que se achegan no expediente, con cargo á partida 33702279900 "Ludoteca Casa da Xuventude e Coia" do programa orzamentario da Concellería de Xuventude para o exercicio 2014.

Esta unidade xestora solicita á Oficina de Intervención municipal a convalidación das actuacións de gasto realizadas sen fiscalización previa que figuran nas facturas núm. B/0026/14 e B/0028/14 que se achegan no expediente con cargo á partida 3370 2279900 "Ludoteca Casa da Xuventude e Coia" do programa orzamentario da Concellería de Xuventude para o exercicio 2014. A Intervención Xeral informa favorablemente á solicitude de convalidación de gasto.

Por todo o exposto, e previos os preceptivos informes, proponse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

1º.- Aprobar a indemnización substitutiva mediante a validación das actuacións realizadas sen fiscalización previa, que figuran nas facturas número B/0026/14 e B/0028/14 de Fundación de Estudos e Análise Fesan con CIF G15597669 por un importe total de 27.436,60 € en concepto de Prestación do servizo de atención a nenos e nenas nos Espazos de Tempo Libre de Casa da Xuventude e Pavillón de Coia durante os meses de novembro e decembro de 2014 do programa orzamentario da Concellería de Xuventude para o exercicio 2014.

2º.- Recoñecer a obriga a favor de Fundación de Estudos e Análise Fesan con CIF G15597669 por un importe total de 27.436,60 €, en concepto de Prestación do servizo de atención a nenos e nenas nos Espazos de Tempo Libre de Casa da Xuventude e Pavillón de Coia durante o meses de novembro e decembro de 2014, partida 3370 2279900 "Ludoteca Casa da Xuventude e Coia" do programa orzamentario da Concellería de Xuventude para o exercicio 2014".

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

7(1601).- DAR CONTA DAS SEGUINTE ACTAS DE COMPROBACIÓN E REPLANTEO:

A) HUMANIZACIÓN PRAZA MARTÍNEZ GARRIDO, ENTRE CAMIÑO MEDEIROS E CAMIÑO SOBREIRO. Expte. 2783/443.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do 19/12/14, do xefe da área de Fomento, conformado polo asesor xurídico de área e polo concelleiro-delegado de Fomento, que di o seguinte:

“1.- Antecedentes:

A Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente do 1 de agosto de 2014, entre outros asuntos acordou a aprobación do expediente de contratación do procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto HUMANIZACIÓN DA PRAZA DE MARTÍNEZ GARRIDO (ENTREO O CAMIÑO DOS MEDEIROS E O CAMIÑO SOBREIRO NO CALVARIO). (Expte. 2517/440).

A Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente do 14 de novembro de 2014, entre outros asuntos acordou a proposta de adxudicación do procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto HUMANIZACIÓN DA PRAZA DE MARTÍNEZ GARRIDO (ENTREO O CAMIÑO DOS MEDEIROS E O CAMIÑO SOBREIRO NO CALVARIO), a favor da mercantil UNIKA PROYECTOS Y OBRAS S.A.U., o procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da praza de Martínez Garrido (entre o camiño dos medeiros e o camiño sobreiro) por un prezo total de 219.472 euros (IVE incluído) (Expte. 2517/440).

Con data 21/11/2014 o Concello de Vigo formaliza o contrato de adxudicación do proxecto HUMANIZACIÓN DA PRAZA DE MARTÍNEZ GARRIDO (ENTREO O CAMIÑO DOS MEDEIROS E O CAMIÑO SOBREIRO NO CALVARIO), a favor da mercantil UNIKA PROYECTOS Y OBRAS S.A.U. (Expte. 2517/440).

A Xunta de Goberno Local, na sesión e urxente do 14 de novembro de 2014, entre outros asuntos acordou nomear aos Técnicos Municipales: D. ÁLVARO CRESPO CASAL e D. JULIO CARRASCO RODRÍGUEZ como Directores Facultativos para as obras HUMANIZACIÓN DA PRAZA DE MARTÍNEZ GARRIDO (ENTREO O CAMIÑO DOS MEDEIROS E O CAMIÑO SOBREIRO NO CALVARIO). (Expte. 2517/440).

A Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente do 27 de novembro de 2014, entre outros asuntos acordou nomear a D. OSCAR PEREIRO TAIBO, DNI. 46897042-L, Arquitecto Técnico e Enxeñeiro de Edificación, Colexiado VR 907 do Colexio Oficial de Arquitectos e Arquitectos Técnicos de Pontevedra, delegación de Vigo, como Coordinador de Seguridade e Saúde para as obras HUMANIZACIÓN DA PRAZA DE MARTÍNEZ GARRIDO (ENTREO O CAMIÑO DOS MEDEIROS E O CAMIÑO SOBREIRO NO CALVARIO). (Expte. 2517/440).

2.- Fundamentos xurídicos:

O artigo 229 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, en relación a comprobación do replanteo, indica que “A execución do contrato de obras comezará coa acta de comprobación do reformulo. A tales efectos, dentro do prazo que se consigne no contrato que non poderá ser superior a un

mes desde a data da súa formalización salvo casos excepcionais justificados, o servizo da Administración encargada das obras procederá, en presenza do contratista, a efectuar a comprobación do reformulo feito previamente á licitación, estendéndose acta do resultado que será asinada por ambas as partes interesadas, remitíndose un exemplar da mesma ao órgano que celebrou o contrato.”

O artigo 140 do Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, sobre a acta de comprobación do replanteo, establece no seu punto 3.) que “Un exemplar da acta se remitirá o órgano de contratación”.

O Prego de Clausulas Administrativas Particulares que rixe o presente expediente e aprobado pola Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente do 18 de xullo de 2014, recolle na CLÁUSULA 25.- EXECUCIÓN DO CONTRATO, no punto 3. apartado c) sobre a Comprobación do replanteo “O servizo xestor, dentro do prazo máximo dun mes ou inferior que se consigne no contrato desde a data da súa formalización, procederá, en presenza do contratista, a efectuar a comprobación de replanteo feito previamente á licitación, estendéndose acta do resultado, que será asinada por ámbalas dúas partes interesadas, remitíndose un exemplar da mesma ao órgano de contratación.”

En base o exposto, unha vez asinada a acta de comprobación do replanteo dentro do prazo máximo fixado, procede a remisión da mesma para dar conta a Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación.

3.- Proposta:

En relación o citado expediente con data 16-12-2014 foi celebrado o acto para a sinatura da acta de replanteo da obra HUMANIZACIÓN DA PRAZA DE MARTÍNEZ GARRIDO (ENTREO O CAMIÑO DOS MEDEIROS E O CAMIÑO SOBREIRO NO CALVARIO). (Expte. 2517/440), asinada por parte da Dirección Facultativa por D. ÁLVARO CRESPO CASAL e D. JULIO CARRASCO RODRÍGUEZ, en representación da mercantil UNIKA PROYECTOS Y OBRAS S.A.U. como adxudicataria da execución das obras por D.CÁNDIDO LÓPEZ CALVAR, como Responsable do contrato por D. ÁLVARO CRESPO CASAL:

Se anexa copia da acta de comprobación de replanteo do expediente de contratación 2517/440.

En conclusión cos antecedentes descritos, procede unha vez asinada a acta de comprobación do replanteo dentro do prazo máximo fixado, procede a remisión da mesma para dar conta a Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación.

Polo exposto propónse a Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación a aprobación da seguinte proposta:

Primeiro: Tomar coñecemento da remisión da acta de comprobación do replanteo correspondente a obra HUMANIZACIÓN DA PRAZA DE MARTÍNEZ GARRIDO (ENTREO O CAMIÑO DOS MEDEIROS E O CAMIÑO SOBREIRO NO CALVARIO), asinada con data 16-12-2014 asinada por parte da Dirección Facultativa por D. ÁLVARO CRESPO CASAL e D. JULIO CARRASCO RODRÍGUEZ; en representación da mercantil UNIKA PROYECTOS Y OBRAS S.A.U. como adxudicataria da execución das obras por D.CÁNDIDO LÓPEZ CALVAR; como Responsable do contrato por D. ÁLVARO CRESPO CASAL.”

A Xunta de Goberno Local queda informada.

B) HUMANIZACIÓN RÚA TOLEDO E O SEU CONTORNO. EXPTE. 2785/443.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do 22/12/14, do xefe da área de Fomento, conformado polo asesor xurídico de área e polo concelleiro-delegado de Fomento, que di o seguinte:

1.- Antecedentes:

A Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente do 18 de xullo de 2014, entre outros asuntos acordou a aprobación do expediente de contratación do procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto HUMANIZACIÓN DA RÚA TOLEDO E O SEU ENTORNO (Expte 2493/440).

A Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente do 7 de novembro, entre outros asuntos acordou a proposta de adxudicación do procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto HUMANIZACIÓN DA RÚA TOLEDO E O SEU ENTORNO, a favor da mercantil PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, SA., o procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Toledo e o seu entorno por un prezo total de 148.580 euros (IVE incluído) (Expte. 2493/440).

Con data 13/11/2014 o Concello de Vigo formaliza o contrato de adxudicación do proxecto HUMANIZACIÓN DA RÚA TOLEDO E O SEU ENTORNO, a favor da mercantil PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, SA. (Expte. 2493/440).

A Xunta de Goberno Local, na sesión e urxente do 14 de novembro de 2014, entre outros asuntos acordou nomear aos Técnicos Municipales: D. ÁLVARO CRESPO CASAL e D. JULIO CARRASCO RODRÍGUEZ como Directores Facultativos para as obras HUMANIZACIÓN DA RÚA TOLEDO E O SEU ENTORNO. (Expte. 2493/440).

A Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente do 27 de novembro de 2014, entre outros asuntos acordou nomear a D^a. REBECA GALIÑANES FERNÁNDEZ, DNI. 53182606-M Arquitecto Técnico, Colexiado Nº VR 1002 do Colexio Oficial de Arquitectos e Arquitectos Técnicos de Pontevedra, delegación de Vigo como Coordinador de Seguridade e Saúde para as obras HUMANIZACIÓN DA RÚA TOLEDO E O SEU ENTORNO. (Expte. 2493/440).

2.- Fundamentos xurídicos:

O artigo 229 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, en relación a comprobación do replanteo, indica que "A execución do contrato de obras comezará coa acta de comprobación do reformulo. A tales efectos, dentro do prazo que se consigne no contrato que non poderá ser superior a un mes desde a data da súa formalización salvo casos excepcionais justificados, o servizo da Administración encargada das obras procederá, en presenza do contratista, a efectuar a comprobación do reformulo feito previamente á licitación, estendéndose acta do resultado que será asinada por ambas as partes interesadas, remitíndose un exemplar da mesma ao órgano que celebrou o contrato."

O artigo 140 do Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, sobre a acta de comprobación do

replanteo, establece no seu punto 3.) que “Un exemplar da acta se remitirá o órgano de contratación”.

O Prego de Clausulas Administrativas Particulares que rixe o presente expediente e aprobado pola Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente do 18 de xullo de 2014, recolle na CLÁUSULA 25.- EXECUCIÓN DO CONTRATO, no punto 3. apartado c) sobre a Comprobación do replanteo “O servizo xestor, dentro do prazo máximo dun mes ou inferior que se consigne no contrato desde a data da súa formalización, procederá, en presenza do contratista, a efectuar a comprobación de replanteo feito previamente á licitación, estendéndose acta do resultado, que será asinada por ámbalas dúas partes interesadas, remitíndose un exemplar da mesma ao órgano de contratación.”

En base o exposto, unha vez asinada a acta de comprobación do replanteo dentro do prazo máximo fixado, procede a remisión da mesma para dar conta a Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación.

3.- Proposta:

